

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 12 DE MAIO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **DOCE DE MAIO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia do 1º Tte. de Alcalde **Dº. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia da señora tenente de Alcalde **Dª MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **Dº GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **Dª PAULA FERNÁNDEZ PENA**

O 1º Tte. de Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCIONS.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

Non hai asuntos que tratar.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 2254, de data 07 de maio 2008, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de abril de 2008 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Balboa Iglesias Purificación	Rúa PPO, 19-1C (Bandeira)

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Maril Yáñez Mercedes	Rúa Venezuela, 59-1C (Silleda)
Carreño Alexa del Valle	Rúa da Estación, 22-3H (Silleda)
Chaaítani Mohamed Hassan	Rúa D, 17-Portal B-3A (Silleda)
Carballo Silva Martín	Rúa da Estación, 22-1G (Silleda)
Ramos Valiñas María	Rúa da Estación, 22-4F (Silleda)
Lorenzo Fernández Antonio	Rúa Emilio Alonso Paz, 7-3B (Silleda)
Supermercados Prieto Froiz S.A.	Rúa Emilio Alonso Paz, 7 Bj (Silleda)
Troitiño Caramés M ^a Sol	Rúa Morón s/n-Portal 1-1C (Silleda)
Matos Bernárdez Margarita	Rúa José Antonio, 18 Bj (Silleda)
Nutrimentos Deza S.A.	Ctra. Canteras de Rosende s/n (Vilar)
Vila Castro María	Rúa Morón s/n-Bloque 2-1F (Silleda)
Simón Arean Milagros	Rúa Cartagena, 2 bj (Silleda)
Fundiciones del Deza S.L.	Polígono Área-33-Parcela 28 (Silleda)
Domus Lapidis S.L.	Lg. Barral, 8 (Vilar)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado destas solicitudes ó Fontanero Municipal para seu informe, o cal será elevado a esta Xunta de Goberno Local para súa aprobación se procede.

2.2.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 2255, de data 07 de maio de 2008, comunicando que procederase a reparar ou repoñer as tapas dos pozos de rexistro correspondentes ós servizos de abastecemento, saneamento e pluviais, que están rotas ou foron sustraídas no polígono industrial Área-33 de Silleda. Asimesmo comunica que aquelas que foron rotas polos constructores das obras das naves notificaráselle por escrito para que procedan a súa reposición, ou no caso contrario facturaráselle o coste do arranxo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.3.- Escrito de D^o Julio Fernández Fernández, Rexistro de Entrada nº 2273, de data 08 de maio de 2008, solicitando que, por parte do Concello, se leve a cabo a delimitación dos viais públicos que figuran no plano de concentración parcelaria de Rellas-Silleda, tal e como foron entregados ó Concello no seu día; a que se proceda a revisión da construción da fosa séptica que foi denunciada no seu momento e que non cumpre as distancias a vía pública, tal e como pode comprobarse nos informes técnicos realizados; que se proceda a limpeza dos viais públicos situados no lugar de Vis, a fin de facilitar o uso e acceso as fincas dos seus propietarios, que neste intre vense obrigados a buscar viais alternativos ou lugares non destinados a este fin, consistindo a limpeza na retirada de pedras colocadas a veira do camiño; que se rebaixe o camiño o seu estado primitivo para evitar entrada de auga na súa propiedade.

A Xunta de Goberno Local, visto o escrito anteriormente mencionado, por unanimidade acorda:

1º.- En canto a limpeza de camiños sinalar que, vista a esta petición, os mesmos serán incluídos nun vindeiro plan de limpeza viaria.

2º.- En canto a construción da fosa séptica, que por parte do Aparellador municipal se emita informe técnico.

3º.- Sobre a medición de camiños, informar o solicitante que está a súa disposición no departamento de urbanismo.

4º.- Informar que polo asesor técnico municipal, Dº José Luis Rodríguez, con data 30 de abril de 2007 xa se elaborou un informe en contra de tal medida.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Escrito da Dirección Xeral de Estructuras e Infraestructuras Agrarias - Consellería do Medio Rural, Rexistro de Entrada nº 2217, de data 07 de maio de 2008 remitindo acta de entrega da obra denominada "Mellora da capa de rodaxe no camiño Eirexe-Ervixe, Moimenta-A Pena, lugar de O Curro, Tixoa, O Marco-Cóscaros, lugar de Covas, lugar de Framiñan, Abrea-Fondevila, lugar de Virxe da Fonte, camiño das Ferreiras (Silleda-Pontevedra) X-8172", incluída dentro dos plans de mellora de infraestructuras Rurais realizada pola Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.2.- Escrito do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 2293, de data 09 de maio de 2008, remitindo autorización correspondente o expediente 2007002869, para cruce de 8 m.l. e canalización de 182 m.l. na estrada E.P. 6503 (Silleda-Siador-Refoxos).

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 2214, de data 07 de maio de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación número Tres e final da obra "Restauración do Antigo Centro de Saúde de Silleda como Biblioteca, Local Social e outros servizos para a Terceira Idade", nº 119/611 do PAM/06-08 (anualidade 2008).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.2.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 2233, de

data 07 de maio de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación número Cinco da obra “Mellora das Biblioetcas, Locais Sociais e outros servizos de: Breixa, Dornelas, Fiestras, Laro, Manduas, etc”, nº 115/785 do PAM/06-08 (anualidade 2008).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.3.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 2232, de data 07 de maio de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación número Dúas e Final da obra “Saneamento na Rúa Xeral de Bandeira”, nº 123/559 do PAM/06-08 (anualidade 2008).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.4.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 2287, de data 09 de maio de 2008, remitindo resolución pola que se presta aprobación á certificación número Un e Final da obra “Pavimentación beirarrúas dende E.N. 525 ata Campo Fútbol”, nº 226-137-120/923 do PAM/06-08 .

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.5.- Escrito da Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 2241, de data 07 de maio de 2008, remitindo resolución do Instituto Galego de Consumo pola que se acorda conceder unha subvención de 2.993,43 € para o funcionamento e mantemento da Oficina Municipal ao Consumidor do Concello de Silleda para o ano 2008.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.6.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 2282, de data 09 de maio de 2008, requirindo documentación sobre a solicitude formulada por esta entidade na que solicita subvención para Construcción de Piscina Climatizada, e de acordo co disposto no artigo 7º da Orde do 5 de marzo de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas e subvencións, que teñen por obxecto a realización de obras de infraestructuras deportivas de titularidade pública ou privada e para adquisición de equipamento deportivos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Axente de Desenrolo Local do Concello.

4.7.- Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 2317, de data 12 de maio de 2008, comunicando que vistas as solicitudes formuladas por esta entidade na que solicita subvención para adquisición material deportivo e obras, e de acordo co artigo 6º da orde do 5 de marzo de 2008 (DOG nº 50 de 11 de marzo), que regula ditas subvencións, advírtese que de non comunicar a este servizo provincial de deportes as solicitudes a que renuncia, procederase o arquivo das solicitudes que tiveron entrada depois da que entrou en terceiro lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á

Alcaldía.

4.8.- Escrito do Servizo de Formación e Colocación - Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Rexistro de Entrada nº 2327, de data 12 de maio de 2008, remitindo resolución de concesión dos seguintes cursos de formación ocupacional (Plan FIP programación 2008):

- Creación e Xestión de Empresas.
- Auxiliar de Atención Infantil.

A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda dar traslado deste escrito ó Axente de Desempeno Local Municipal.

4.9.- Dase conta da Orde do 5 de marzo de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de infraestruturas deportivas de titularidade pública ou privada e para a adquisición de equipamentos deportivos e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2008.

Visto o disposto na citada Orde, e de conformidade co disposto no seu artigo 6.1 b).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Aprobar a realización das obras de “Construcción de piscina climatizada” así coma a memoria valorada das obras, cun importe total de 1.121.226,80 euros, coas seguintes condicións de financiamento:

- Importe da subvención solicitada, a aportar pola Consellería de Cultura e Deporte: 896.981,44 euros
- Importe a aportar polo Concello : 224.245,36 euros.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Escrito de D^a Rosa Domínguez Colmenero, Rexistro de Entrada nº 1943, de data 18 de abril de 2008, no que sinala que pola Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión de data 15 de febreiro de 2008, concedeuselle licenzia de actividade para apertura de local para dedicalo a Salón de Té, ubicado na rúa Venezuela, nº 1-baixo de Silleda, pero que por parte da Consellería de Innovación Industria esixen o cambio de denominación polo de Café-Bar, non supoñendo esta modificación cambio algún na documentación aportada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da modificación da licenzia otorgada por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de febreiro de 2008, de salón de té por Café-Bar, debéndose unir este acordo ó expediente.

5.2.- Escrito de D^o José Lago Hermida, Rexistro de Entrada nº 2208, de data 06 de maio de 2008, no que expón que pola Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión de

data 16 de xuño de 2006, concedeuselle licencia de actividade nº 761/06 para autoescola (academia particular de conducción), a situar na Avda. do Parque, nº 24 - entreplanta (Silleda). Asimesmo expón que desexa proceder o cambio de titularidade desta licencia a favor de Dº José Lago Domínguez, adxuntando a este escrito conformidade por ambas partes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o cambio de titularidade da licencia de actividade nº 761/06, correspondente a apertura de local para dedicalo a autoescola (academia particular de conducción), a situar na Avda. do Parque, nº 24 - entreplanta de Silleda, a favor de Dº José Lago Domínguez.

5.3.- Dase conta do escrito presentado polos veciños da parroquia de Parada, en data 12 de maio de 2.008, con número de rexistro 2337, relativo á instalación dunha antena de telefonía móbil no lugar de Penadecuñas-Parada, polo que solitían información sobre a situación de dito proxecto e se opoñen á instalación e funcionamento da devandita antena.

Visto que existen indicios de que por parte de FRANCE TELECOM S.A.-ORANGE, se teñen iniciado as obras de instalación dunha estación base para equipos de telecomunicacións, sita na zona chamada Pena de Cuñas, nas proximidades do lugar de Outeiro, parroquia de Parada, Silleda, carecendo da preceptiva licencia municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Dar orde á Policía Local para que proceda a comprobar si por parte de FRANCE TELECOM S.A.-ORANGE, se teñen iniciado as obras sinaladas no lugar de Forcas e emita informe ó respecto.

2.- Que por parte da Secretaría se emita informe en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para reposición da legalidade, no suposto de por parte de FRANCE TELECOM S.A.-ORANGE se estén levando a cabo actuacións sen as oportunas licenzas de obra e de actividade clasificada.

3.- Informar ós veciños da parroquia de Parada do seguinte:

- En data 11 de marzo de 2.008, solicitouse por FRANCE TELECOM S.A.-ORANGE, licencia para a instalación dunha estación base para equipos de telecomunicacións, a situar na zona chamada Pena de Cuñas, nas proximidades do lugar de Outeiro, parroquia de Parada

- Polo Concello de Silleda iniciouse o expediente para o outorgamento das correspondentes licencias de obra e actividade, sendo publicado o preceptivo anuncio no Boletín Oficial da Provincia número 57 de 25 de marzo de 2.008. Actualmente o expediente está pendente de ser notificado os veciños colindantes coa finca onde se pretende instalar a estación base, unha vez que por parte de FRANCE TELECOM S.A.-ORANGE aporte a sinalada información.

5.4.- Visto o expediente instruído a instancia de D. José Ferreiro Lage, en representación da empresa FEMASI S.L, solicitando licencia para a realización das obras

ordinarias de urbanización comprendidas no "Proxecto de acondicionamento e axardinamento de vial urbano" redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Iria Taboada Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxañeiros Técnicos Agrícolas de Galicia en data 11 de marzo de 2.008 coa referencia 410/08 (PO).

Visto que a Xunta de Goberno Local, en data 10 de abril de 2.006 acordou conceder a FEMASI S.L. licencia para a construción de edificio de soto, baixo, catro plantas altas para 24 vivendas e planta baixo cuberta, a situar na Rúa D esquina Travesía do Campo (Silleda), sin condicionar tal licencia á realización simultánea das obras de urbanización, nos termos indicados no artigo 40 do RGU.

Visto o disposto no Informe de secretaría de data 5 de maio de 2.008, que indica o seguinte: "De conformidade co exposto e en atención ó artigo 67.1 da LRJ-PAC, o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 10 de abril de 2.006 polo que se concedeu a FEMASI S.L. licencia para a construción do citado edificio, a situar na Rúa D esquina Travesía do Campo, sin esixir a simultánea urbanización é un acto susceptible de convalidación. Tal convalidación deberá efectuarse mediante o outorgamento, polo órgano competente, da licencia de obra ordinaria de urbanización, establecendose en tal acordo os condicionantes esixidos no artigo 40 do Reglamento de Gestión Urbanística (RGU), indicados no apartado terceiro de este informe.

Asimismo, tamén deberá condicionarse o outorgamento da licencia de obras de urbanización ó cumprimento do deber de cerderlle gratuitamente ó Concello parte dos terreos sobrantes da edificación destinados a viais, de conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 9/2002 para os propietarios de solo urbano consolidado."

Visto o disposto no Informe técnico emitido polo asesor técnico municipal D. Jose Luis Rodríguez González de data 29 de abril de 2.008, no que se sinala:

"5.- Polo que o técnico que suscribe non atopa inconvincente de cara á continuación da tramitación do expediente (con excepción do especificado no punto 2 deste informe técnico), si ben, e ós efectos de completar o mesmo deberá aportarse a seguinte documentación:

- a) Presentación dun oficio de dirección técnica das obras (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente).
- b) Presentación dun orzamento, polo importe das obras.
- c) Presentación das oportunas garantías da execución en forma de aval bancario, polo importe das obras
- d) Presentación do compromiso-declaración de execución das obras de aondicionamento e axardinamento de vial proxectadas."

Visto que o órgano municipal competente para a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, en virtude do art. 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 abril) é o alcalde, competencia que foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante resolución de data 6 de xullo de 2.008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

- 1.- Conceder salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a licencia que se

solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: FEMASI S.L., con domicilio social en Avenida do Parque 55, 2º-B

b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Obras de urbanización ordinaria comprendidas no "Proxecto de acondicionamento e axardinamento de vial urbano", de conformidade coa documentación técnica presentada, redactada redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Iria Taboada Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxañeiros Técnicos Agrícolas de Galicia en data 11 de marzo de 2.008 coa referencia 410/08 (PO).

c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa D esquina Travesía do Campo (Silleda).

d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Enxeñeira técnica agrícola Dona Iria Taboada Pérez

e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: Non consta.

f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 29 de abril de 2.008 e no informe de secretaría de data 5 de maio de 2.008, que son os seguintes:

a. Presentación dun oficio de dirección técnica das obras (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente).

b. Presentación dun orzamento, polo importe das obras.

c. Presentación das oportunas garantías da execución en forma de aval bancario, polo importe das obras

d. Presentación do compromiso-declaración de execución das obras de aondicionamento e axardinamento de vial proxectadas.

e. Presentación do compromiso de cerderlle gratuitamente ó Concello parte dos terreos sobrantes da edificación destinados a viais

G) CONDICIONANTES NA EXECUCIÓN DAS OBRAS:

"1º- Prazo de inicio e finalización das obras: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acorco co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interrompirse por un prazo superior a seis meses.

2º- Condicións para a ocupación da vía pública:

Toda ocupación da vía pública con casetas, materiais, contenedores, maquinaria ou outros elementos afectos a unha obra, deberá contar necesariamente coa autorización administrativa.

a- Esta autorización deberá solicitarse conxuntamente coa licencia de obra, cando se prevea con antelación, mediante especificación na memoria.

b- No caso de que non poidera solicitarse conforme se prevé no párrafo anterior,

deberá presentarse solicitude separada na que deberán especificarse tódolos datos necesarios para a súa localización e demais requisitos esixidos nesta Ordenanza. Neste caso a solicitude presentárase antes do inicio das obras e non poderá entenderse concedida ata que non se notifique resolución expresa ó efecto.

A ubicación das ocupacións a que se refiére este capítulo deberá estudiarse a fin de que sexa un emprazamento estratéxico que minimize a súa incidencia no entorno, aproveitando inevitablemente as zonas que non son utilizadas para o tráfico rodado e coa menor perturbación ó tránsito peonil. Asimesmo, deberá preverse que a ocupación se produza polo mínimo tempo posible e na dimensión axeitada para servir a seu obxecto, poidendo, neste punto, ser obxecto de inspección municipal, quen informará sobre a súa adecuación ou non ó obxecto de que o Concello poida ordear o levantamento daquelas ocupacións que se atopen sobredimensionadas ou sexan innecesarias.

Unha vez finalizada a ocupación procederase á limpeza das zonas ocupadas e á reposición de calquer dano que poidera haberse causado sobre os pavimentos ou servicios afectados.

Non se permitirá o almacenamento de materiais nin medios auxiliares máis tempo do estrictamente necesario para a súa utilización ou posta en obra.

Ó finalizar a xornada de traballo, deberanse retirar ou, si se autorizou expresamente para elo, verter en contenedores axeitados tódolos acopios procedentes do vaciado de zanzas e escombros, deixando a zona ocupada en estado de orde e limpeza axeitada.

Tódolos materias e acopios que non estean debidamente apilados ou depositados en contenedores, serán retirados da vía pública.

Tódolos elementos cos que se ocupa a vía pública son responsabilidade do titular da licencia, quen responderá do seu correcto estado de uso, mantemento e retirada.

Todo elemento que altere nalgunha medida a superficie vial suporá un obstáculo que haberá de ser debidamente protexido con vallas.

Durante as horas en que non se estea traballando, de noite e nos fines de semana ou festivos, a obra e os elementos anexos á mesma, deberán quedar en perfectas condicións para evitar accidentes e danos materiais ou persoais. A tal fin, sinalizaráanse convenientemente con sinais de tráfico normalizadas, carteis e luminarias. Así mesmo procederáse ó tapado das zanzas cos materiais axeitados en función da súa localización, accesibilidade e dimensión.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, no seu artigo 199.11, establece as seguintes condicións para o Vallado de Obras:

- 1) En toda obra de nova planta ou de derribo e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, haberá de colocarse unha valla de protección de 2 m. de altura, como mínimo, de materiais que ofrezan seguridade e conservación decorosa e situada á distancia máxima de 2 m. da aliñación oficial. En todo caso deberá quedar na beirarrúa un paso libre de

0,60 m. de ancho para o paso de peóns.

2) Si coa aplicación das condicións anteriores resultara un ancho inferior a un metro dentro da valla, ou cando por circunstancias especiais non se faga aconsellable a aplicación de ditas normas, o técnico municipal correspondente fixará as características da valla, poidendo ordenar a súa desaparición total no momento no que terminen os traballos indispensables na planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores, previa a colocación de andamio de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e ofrezca a debida seguridade para a circulación na vía pública. En casos especiais en que polo técnico municipal se considere indispensable, poderán adoptarse medidas de carácter extraordinario.

3) Non se consentirá cubrir o espacio da vía pública limitado pola valla.

4) Cando as obras ou instalacións poidan supoñer, en si mesmas ou no seu montaxe, un perigo para os viandantes, esixirase durante as horas de traballo a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta o perigo. Cando as características do tránsito o aconsellen, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.

5) Nas zonas en que sexa obrigatorio o retranqueo, a valla colocarse na alíñación oficial. Non será obligatoria cando estea construído o cerramento definitivo.

6) Será obrigatorio a instalación de luces de sinalización con intensidade suficiente en cada extremo ou ángulo saínte das vallas.

7) A instalación de vallas enténdese sempre con carácter provisional en tanto dure a obra. Por elo dende o momento en que transcurra un mes sin dar comezo as obras, ou estean interrompidas, deberá suprimirse a valla e deixar libre a beirarrúa ó tránsito público.

OUTRAS SITUACIÓNS:

1.- Instalación de contenedores para acopio e retirada de escombros.

Os contenedores para a recollida de escombros procedentes de obras, suxeitaranse en todo momento ás seguintes condicións:

a- Deberán colocarse nas beirarrúas, entre os alcorques das árbores, onde existan, e deixando libre como mínimo un paso de 1,50 m., ou nas calzadas, en zonas de apardoiros permitidos, de modo que non sobresalgan en dita zona e non sexan un obstáculo que entorpeza a libre circulación dos vehículos, de acordo co disposto no artigo 39 do Código de Circulación. Do mesmo xeito deberá sinalizarse convenientemente o contenedor pola súa conta, de acordo co establecido nos artigos 41 e 54 do Código de Circulación.

b- As maniobras para deixada e recollida dos contenedores, deberán realizarse do modo previsto no Código de Circulación, sin causar molestias ó tráfico e quedando totalmente prohibida a colocación ou recollida de contenedores de 8:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, salvo que polo Concello se dispoña outra cousa.

c- En cada contenedor deberá figurar indicativo de pertenencia á empresa propietaria do mesmo que deberá coincidir coa titular da autorización municipal ou, no caso de non selo, baixo tutela e responsabilidade directa de aquela.

d- Para a solicitude das autorizacións de instalación de contenedores deberase presentar:

- Fotocopia do carné de identidade do solicitante ou representante da empresa.
- Memoria descriptiva do tipo de ocupación que se vai a realizar.
- Plano de situación acotado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.

As autorizacións de instalación dos contenedores poderán ser anuais, debendo solicitar o interesado, si o desexa, a renovación da mesma cunha antelación mínima de dous meses respecto ó vencemento de dita autorización.

e- Para responder dos danos que se poideran ocasionar, o interesado deberá depositar unha fianza de 120,00 € por contenedor, que deberá repoñer ou completar, cando se minore dito depósito en virtude de indemnizacións e elo no prazo de 48 horas a contar dende a notificación, co obxecto de manter íntegra a súa garantía durante a vixencia do contrato, sempre que non se dispoña outra cousa na Ordenanza Fiscal correspondente ou mediante Convenio suscrito entre a Administración e os interesados.

2.- Instalación de grúas-torre e similares:

Para a solicitude de autorización de instalación de grúas-torre e similares deberase presentar:

a) Memoria descriptiva da instalación e planos de situación e emprazamento acotados e a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Incluirase Informe das condicións portantes do terreno baixo a grúa asinado polo técnico-director da obra.

b) Xustificación da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza risco).

c) Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica da grúa.

d) Certificado de montaxe da grúa que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

- 1.- Datos da obra e instalación: Situación (rúa-lugar, número e poboación), propietario da grúa (nome, DNI/CIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

2.- Características da grúa-torre: Marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

3.- Certificación, do director dos traballos de montaxe e instalación, de que a grúa cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

4.- Certificado, do director dos traballos de montaxe e instalación, do correcto funcionamento da grúa e seus dispositivos de seguridade."

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licenza e data da licenza, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 1298/08.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que deben ser ingresadas nas arcas municipais, previa presentación do preceptivo orzamento.

5.5.- Actividades Clasificadas

5.5.1.- Examinado o expediente promovido por Dº José Manuel Blanco Crespo, en representación de MAPFRE AUTOMOVILES, S.A., en virtude de instancia nº 1381 e 1382 de data 24 de marzo de 2008, solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a oficina de seguros, a situar na rúa Santa Eulalia, esquina rúa María Colmeiro (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº Alfonso Gallego Ruza, visado polo Colexio Oficial en data 27 de febreiro de 2008, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 12 de maio de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a

tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 1381/08 instada por Dº José Manuel Blanco Crespo, en representación de MAPFRE AUTOMOVILES, S.A., para apertura de local para dedicalo a oficina de seguros, a situar na rúa Santa Eulalia, esquina rúa María Colmeiro (Silleda).

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

6º.- INTERVENCIÓN.-

6.1.- Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00025-08, de data 12 de maio de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 45.076,65 € (Relación en Anexo adxunto).

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as quince horas e cincuenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,